

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO CAMIÓN/FURGÓN CON CESTA ELEVADORA CON DISTINTIVO AMBIENTAL CERO EMISIÓN OU ECO (VEHÍCULO ELÉCTRICO, HÍBRIDO ENCHUFABLE E NON ENCHUFABLE, GAS NATURAL OU GLP) DE SEGUNDA MAN FINANCIADO CON CARGO A SUBVENCION DA XUNTA DE GALICIA

## 1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é o subministro dun vehículo camión/furgón con cesta elevadora para os servizos municipais con etiqueta ambiental eco ou híbrido financiado por a Xunta de Galicia con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

## 2. REQUISITOS TÉCNICOS MÍNIMOS.

### 2.1. Tipoloxía do vehículo.

Un (1) vehículo tipo camión/furgón de segunda man con cesta elevadora con etiqueta ambiental ECO ou de propulsión híbrida, coas seguintes condicións técnicas mínimas:

•Combustible : Gasolina+eléctrico ou Gasolina+gas natural

Transmisión :

•Caixa de cambios : manual.

Chasis:

•tipo de carrocería : camión/furgón con cesta elevadora de 12 metros.

•kilómetros efectuados: Menos de 250.000 Km.

•horas de uso da cesta elevadora: Menos de 2000 horas.

•Cesta elevadora con portaescalera lateral con escalera de PVC.

•O servizo técnico tanto do vehículo como da cesta elevadora estará situado a menos de 35 Km do núcleo de Portomarín, sendo este servizo a realizar por talleres oficiais nunca por talleres concertados.

Estes requisitos serán de obrigado cumprimento do ben suministrado, polo que as ofertas que non cumpran cos mesmos serán excluídas do proceso de licitación.

Os vehículos ofertados deberán estar dentro das categorías definidas na Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de setembro de 2007, pola que se crea un marco para a homologación dos vehículos de motor e os seus remolques, sistemas, compoñentes e unidades técnicas independentes destinados aos devanditos vehículos incorporada ao ordenamento español polo Real Decreto 2028/1986, do 6 de xuño, polo que se ditan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de tipos de vehículos automóbiles. Tódolos vehículos estarán deseñados e construídos para cumprir cos requisitos de uso previstos. Tan so se admitirán ofertas dos últimos modelos postos á venda polo fabricante.

Todo o proceso de fabricación e deseño debe levarse a cabo cun estricto sistema de control de calidade.

### 2.2. Pintura e rotulación

A pintura será de cor branca ou similar e a rotulación do vehículo será segundo a Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña de concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia mías o escudo municipal.

## 3. CONDICIÓN DE ENTREGA E RECEPCIÓN.



O prazo máximo de entrega dos mesmos será de dez (10) días naturais dende a data de formalización do contrato administrativo, sendo o prazo máximo de entrega o día 30-10-2024. Serán entregados no parque móbil do Concello de Portomarín, debidamente equipados e matriculados.

Os gastos de entrega e matriculación correrán a cargo da empresa adjudicataria.

Xunto co vehículo, deberán entregar a seguinte documentación:

- Manual de instrucións e mantemento e os documentos de garantía oficial da marca.
- No seu caso, proxecto de homologación e ITV.
- Certificación de emisións do vehículo subministrado, de acordo cos modelos oficiais da Dirección Xeral de Tráfico, e achegar o autocolante correspondente para pegar no vehículo.
- Declaración do vendedor facendo constar que non se adquiriu con financiamento dunha subvención.
- Certificación de taxador independente que acredite que o prezo do ben non é superior ao valor de mercado e que é inferior ao custo de bens novos similares.

#### 4. PRAZO DE GARANTÍA

Os vehículos eléctricos subministrados polos adjudicatarios dos lotes correspondentes terán un mínimo de 2 anos de garantía con quilometraje ilimitado, mentres que a garantía das súas baterías será de 5 anos para o 70% da carga, salvo que o adjudicatario oferte un prazo superior. Esta garantía inclúe man de obra e materiais, e empezará a contar dende a firma da acta de recepción.

Se durante o prazo de garantía acredítase a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, a Administración terá dereito a reclamar ó contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose insuficiente.

A garantía da batería implica que a capacidade de carga da batería non poderá ser inferior ó 70% do valor de capacidade contractual. Para a validación admitiranse peritaxes externos ó taller do concesionario se o considera o órgano de contratación.

#### 5. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Código	Descrición	UD	PREZO	TOTAL
1	Adquisición dun furgón/camión de segunda mao ou usado con cesta elevadora con distintivo ambiental cero emisións ou eco(vehículo eléctrico, híbrido enchufable e non enchufable, gas natural ou GLP), incluído matriculación, declaración do vendedor facendo constar que non se adquiriu con financiamento dunha subvención, certificación de taxador independente que acredite que o prezo do ben non é superior ao valor de mercado e que é inferior ao custo de bens novos similares e rotulación.	1	33057,85	33.057,85
			<b>TOTAL</b>	<b>33.057,85</b>
			21% I.V.A.	6.942,15
			<b>ORZAMENTO DE CONTRATA</b>	<b>40.000,00</b>

O técnico municipal



